Os intercambios comunicativos daranse en dous tipos de situacións: as habituais de clase e as creadas polo profesorado. Para iso, resulta imprescindible realizar un esforzo na práctica docente que asegure e poña en primeiro plano a adquisición de destrezas orais, como alicerces básicos da comunicación. Fomentar a participación oral é unha tarefa complicada, que se vai intentar lograr implicando o alumnado desde o inicio da clase. Así, perante o tema, procurarase unha sensibilización que permita introducir o texto ou mostra real do que derivará a clase. Tras a audición, lectura ou conversa por parte do alumnado (comprensión escrita ou oral), o profesorado convida os alumnos e alumnas a expresaren as súas reaccións ante a mostra, as súas opinións, a súa comprensión... resolvendo ou procurando solucións conxuntas ás dúbidas; será desas dúbidas de onde se deriven as explicacións que sexan necesarias e mesmo os exercicios gramaticais.

Así, ao longo de cada unidade, sen seguir unha orde estrita, traballaremos Comprensión Oral e Escrita; Expresión Oral e Escrita e Interacción oral. Con este obxectivo realizaranse, para alén de probas escrita, actividades orais que valoricen o esforzo e o progreso dos alumnos e os motiven para continuar desenvolvendo a súa competencia oral.

Nas primeiras leccións, tratarase de lles proporcionar unha confianza nos seus coñecementos da lingua portuguesa, facéndooos conscientes dos mesmos grazas ao uso da lingua galega, animándooos, así, a confiaren nas altas posibilidades de formularen actos de fala correctos e a evitaren o medo ao ridículo que se adoita encontrar nas aulas.

Tentaremos tratar e recoñecer o erro como parte integrante e orientadora do proceso de aprendizaxe e como algo natural, do mesma xeito que ocorre na lingua que usan habitualmente.

As actividades de aprendizaxe constitúen o núcleo da planificación didáctica e nelas intégranse os obxectivos, contidos e avaliación. No deseño das actividades, teremos en conta as etapas a seguir no seu desenvolvemento, os coñecementos do alumnado, as destrezas e estratexias que teñen e/ou aplican, os logros finais que se pretenden conseguir e as posibilidades de adaptación á diversidade da aula.

O método utilizado pretende que o alumnado aprenda as novas estruturas e o novo vocabulario, nomeadamente os *“falsos amigos”* dunha forma funcional. O obxectivo de cada unidade é sempre dar información sobre diferentes aspectos da cultura e a vida cotiá portuguesa e lusófona; coñecendo a cultura, costumes e tradicións portuguesas, o alumnado terá que usar as estruturas e o vocabulario aprendido para comparar a cultura dos outros países coa propia, aprendendo, á vez, a respectar a diversidade.

Teñen especial interese os diversos textos -cartas, diálogos, tiras de banda deseñada, mapas... que o profesorado deberá completar con outros materiais reais que considere oportunos e teña á súa disposición (xornais, revistas, cómics, publicidade...). Mais, dada a prioridade que concedemos á oralidade, faise indispensable a actuación do profesorado, que debe ocuparse pola correcta e clara articulación das palabras; os xestos, a repetición, a boa articulación serán axuda para o alumnado. Documentos de audio e vídeo que, dunha forma mínima, permitan a inmersión fónica na lingua van ser, pois, imprescindibles. Aliás, cada unidade conta cun apartado de Oralidade, que intenta chamar a atención sobre a pronuncia peculiar dalgúns grafemas do portugués.

Por outra parte, na aprendizaxe dunha lingua é normal que todo o que se estuda supoña un repaso do aprendido anteriormente. Co obxectivo de reforzar o aprendido en clase, e avanzar ao mesmo tempo, propóranse nalgunha ocasión exercicios para casa, como redaccións, cartas, lecturas de pequenos textos, exercicios interactivos, etc. É claro que a corrección destes exercicios faise de xeito común, en clase, participando todos no proceso.

As unidades están organizadas de maneira que, a partir de diálogos (auditivos, en moitos casos) ou textos escritos, se presentan os diferentes aspectos gramaticais e o vocabulario, fuxindo das listas de campos semánticos. As formas gramaticais extrañense de textos e exercítanse até a integración no discurso da alumna ou alumno.

O mesmo ocorre coa oralidade: búscase a interacción verbal profesorado-alumnado ou alumnado-alumnado; a partir de temas suxeridos nas mostras reais de fala, con preguntas directas, por exemplo, ou suscitando debates, diálogos, sempre orientados á integración do aprendido.

En definitiva, trátase dunha metodoloxía moi activa e participativa, en que o profesor é un facilitador de aprendizaxe, que ten que conseguir a motivación no alumnado con estratexias e recursos atractivos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Non utilizaremos un manual determinado. En todo caso, o profesor pode guiarse polo manual que considere máis adecuado dos que existen no mercado. Con todo, por agora, non existe unha obra destas características que se adecúe ao alumnado galego, que parte dun coñecemento da lingua portuguesa superior, en aspectos varios, do que se atinxe con calquera manual de portugués para estranxeiros dos niveis elementares. Esta é a razón da flexibilidade dos contidos que se ofrecerán, susceptibles de se adaptaren á experiencia e avance do alumnado.

A nosa realidade lingüística aconséllanos, pois, a utilizarmos nas aulas, outros materiais -de elaboración propia ou non- que chegará o profesor. Especial atención deberán ter os recursos de aula relacionados coa expresión oral, a que máis difire da lingua portuguesa. Así, recorreremos ao uso de CDs, gravacións de Mp3, podcast, entrevistas; filmes, músicas... Para a escrita, textos de diferentes tipos, mapas e planos reais, publicacións periódicas, receitas, menús, billetes, etc.

A falta de libro de texto pode chocar cos costumes do alumnado e coa falta de hábito para organizar apuntamentos. O profesor debe, entón, axudar nese cometido e ofrecer orientacións e supervisión frecuente dos seus cadernos. O propio profesor distribuirá en cada sesión o material para seguir as aulas, ben en copias, ben grazas a medios virtuais (aula virtual, google drive...) ou servíndose de ambos os recursos.

Alén diso, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación deberán incorporarse á práctica docente da aula como ferramentas habituais de comunicación e aprendizaxe. O alumnado debe adquirir as destrezas que lle permitan ser protagonista do seu proceso de aprendizaxe e non mero receptor de información. Á súa vez, deberá aprender a

protexerse e protexer os demais dun uso inadecuado das TIC e, mediante elas, deberá desenvolver actitudes de interese, respecto e aceptación doutras realidades culturais diferentes, concibindo as TIC como unha fiestra aberta ao mundo. Neste caso, se nos for facilitado o uso de computadores e Internet nalgunha sesión semanal, poderemos, así, acceder a diferentes recursos educativos e doutro tipo, sempre relacionados coa lingua portuguesa. Utilizaremos como medio de aprendizaxe a aula virtual que temos no edmodo. Son de grande interese para o traballo na aula, algúns sites vinculados coa docencia do portugués na Galiza: como o de Docentes de Português na Galiza, A língua no estendal ou Lusopatía.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizarase no inicio do curso -no mes de setembro- para verificar o nivel, as especificidades e as necesidades do alumnado, co fin de orientar adecuadamente o proceso de ensino-aprendizaxe.

Para alén de detectar o nivel de proficiencia en lingua portuguesa esta prospección inicial visa coñecer tamén o grao xeral de competencia lingüística e comunicativa e a lingua de uso habitual do alumnado e do seu medio familiar e social.

A avaliación asentará, no relativo á oralidade, na conversa do profesorado co alumnado e, para a comprensión oral, nunha proba adecuada ao coñecemento que se presupón no nivel en que se inicia. Para a comprensión e expresión escritas, realizarase tamén unha proba sinxela, con similares características.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	13	13	13	13	13	13	11	11	100
Proba escrita	48	50	74	78	80	80	80	80	71
Táboa de indicadores	52	50	26	22	20	20	20	20	29

Criterios de cualificación:

En cada avaliación realizarase unha avaliación cualificativa, o mesmo que nas convocatorias extraordinarias.

A avaliación debe ser entendida como un instrumento para verificar e valorar o grao de competencia comunicativa do alumnado, como unha ferramenta que ofrece información e permite reflexionar sobre todo o proceso de ensino-aprendizaxe.

Neste departamento, a avaliación continua será feita polo profesor e polo alumnado (autoavaliación e co-avaliación).

Na avaliación continua serán tidos en conta os seguintes instrumentos:

Instrumentos de avaliación:

a) Probas

Unha ou varias en cada avaliación considerando as diferentes destrezas (comprensión/ expresión escrita e

competencia estrutural; comprensión oral e expresión oral) con adecuación aos bloques de contidos e estándares de aprendizaxe.

b) Produtos.

- Pequenas probas ou testes, tarefas, actividades e exercicios de aula.
- Interacción oral co profesorado e cos colegas, real ou de simulación (comprar-vender, pedir...),
- Debates, exposicións orais...
- Proxectos e traballos colaborativos ou individuais, composicións, comprensións orais e escritas, actividades de expresión orais e escritas, lecturas ...

c) Observación

- Vontade de aprender; progresión e avances.
- Participación e colaboración.
- Materiais: adecuación, organización, presentación
- Mediación, máxime cando os niveis do alumnado son diferentes.

É importante considerar que, en todos os bloques de contidos, se valorará a actitude do alumnado, interese, respecto, puntualidade, o traballo na clase e na casa, material etc.

En todos os cursos, os estándares de aprendizaxe son xerais; é tarefa de aula relacionalos cos contidos de cada unidade. Tamén é preciso considerar que, a pesar de cada unidade presentar contidos novos e tratándose dunha lingua, os coñecementos previos non se poden esquecer pola necesidade tanto para a produción como para a comprensión lingüística. Serán avaliábeis sempre, ao longo do ano lectivo.

Non se avalía unicamente un resultado positivo ou negativo na realización dunha tarefa. Avaliar non só é cualificar. Alén diso, non só as catro destrezas serán obxecto da avaliación continuada. Tamén o conxunto da competencia lingüística, comunicativa, interferencias lingüísticas, léxico e mediación será avaliado a través de probas, tarefas e actividades ad hoc (con uso da lingua escrita e oral) ou tamén por medio das probas, tarefas e actividades habituais de comprensión e de expresión (oral, escrita ou ambas).

A avaliación continua será aplicada constantemente á lingua oral (expresión, comprensión e interacción) pois a cada momento das intervencións do alumnado nas aulas a profesora fará microavaliacións informativas (expresións do tipo muito bem ótimo tem de pronunciar as sonoras, quando for, não quando seja, váia não, é vá... ou repetir unha palabra ou secuencia para o alumnado se autocorrixir...). Dunha maneira un pouco menos rápida en aplicación de resultados, mais tamén en acto de avaliación continua será a anotación de resultados de expresión e interacción orais, co obxectivo de avaliar aspectos relativos á competencia na oralidade, nas intervencións nas aulas, en debates, en actividades de simulación, etc.

Criterios de cualificación

Con un 80% da nota :

A media dos resultados das probas obxectivas para medir o grao de consecución dos contidos exixíbeis en cada curso, aplicados ás diferentes destrezas: escribir, falar, ler e escoitar.

No mínimo, unha proba en cada avaliación que demostre o coñecemento das diferentes destrezas: proba de comprensión/expresión escrita e competencia estrutural; proba de comprensión oral; proba de expresión-interacción oral. Sempre se adecuarán aos bloques de contidos e estándares de aprendizaxe.

¿ No caso de obter en 2 probas menos do 25% do valor total da mesma, a avaliación non poderá ser aprobada

¿ Caso se detecte o uso de métodos fraudulentos nalgunha das probas, a cualificación da proba en cuestión será de 0 e a avaliación non poderá ser aprobada.

Con un 20% da nota avaliaranse os Produtos (20%):

¿ Produtos

¿ Lecturas, proxectos, redaccións ou actividades requiridas ou propostas, realizadas puntualmente, limpas e axustadas ao tema que se propuxo. Probas puntuais menores, lecturas, preguntas en clase, etc.

¿ Traballo diario do alumnado en clase, incluída a súa participación activa e colaboración nas actividades propostas.

¿ Vontade de aprender: progresión nas diferentes destrezas

¿ Observación:

¿ Puntualidade e respecto a todos os membros da comunidade educativa, ao material común e ao particular.

¿ Mediación entre compañeiras e compañeiros

¿ Asistencia a clase co material necesario para traballar (apuntamentos propios ou material entregado polo profesorado, caderno, bolígrafo, etc).

¿ Limpeza, orde e puntualidade no seu traballo diario.

Sendo continua a avaliación, non se realizarán, salvo ao final do curso para a os bloques de comprensión e produción de textos escritos, probas específicas para a recuperación de exames ou avaliacións. Cada nova proba ou avaliación suporá unha actualización (recuperación) do anterior.

Aquelas persoas que non superasen a 3ª avaliación, poderán optar a unha proba escrita final que incluíra a proba de comprensión oral. A nota da proba escrita suplirá a das partes equivalentes da 3ª avaliación e, por tanto, computará como tal na nota media final, conforme se explica nos criterios de cualificación.

Nas diferentes avaliacións, cando a nota media non corresponder a números enteiros, redondearase para o número inmediatamente superior ou inferior, segundo supere ou sexa inferior ao medio punto.

Avaliación final

A nota da avaliación final será a obtida na 3ª avaliación, podendo subir nota nunha proba realizada antes de acabar o período lectivo, o cal terá lugar no día 22 de xuño.

Na cualificación final, cando a nota media da terceira avaliación non corresponder a números enteiros, redondearase para o número inmediatamente superior ou inferior, segundo supere ou sexa inferior ao medio punto.

Criterios de recuperación:

Para os alumnos que non teñas superado a materia na proba da 3ª avaliación, terá lugar unha proba final. A cualificación final basearase nunha proba de comprensión/expresión escrita e competencia estrutural, e de comprensión oral de acordo aos bloques de contidos e estándares de aprendizaxe. O resultado constituirá o 100% da nota da avaliación.

Caso se detecte o uso de métodos fraudulentos na realización da proba, a cualificación da mesma será de 0 e a avaliación non poderá ser aprobada.

Materias pendentes de cursos anteriores

No presente ano académico, non temos alumnado nesta situación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Aquelas alumnas e alumnos que superaren 1º de ESO coa nosa materia pendente, realizarán un boletín de exercicios sobre todos os standards que valerá 40% da nota e do cal entregará unha parte en decembro e unha outra en marzo. Adicionalmente, realizaranse dúas probas escritas, unha en decembro e unha outra en marzo que contarán 30% cada unha. Se non superaren estas probas, realizarán a proba final de maio.

6. Medidas de atención á diversidade

A aprendizaxe de linguas estranxeiras contribúe á formación educativa do alumnado desde unha perspectiva global, favorecendo o desenvolvemento da súa personalidade, tendo en conta as distintas capacidades e ritmos de aprendizaxe, compensando as desigualdades e axudando á integración social.

Sintetizando, os principios básicos para o tratamento co alumnado con NEAE parten da inclusión na aula, da non discriminación e da igualdade efectiva. Para favorecer o cumprimento destes principios as actividades de aprendizaxe integradas responderán a tipoloxías e agrupamentos variados (favorecendo en moitos casos os agrupamentos flexíbeis e gradadas en

dificultade. No caso de que sexa preciso o profesorado elaborará materiais adaptados, así como probas específicas.

O alumnado con necesidades específicas terá unha adaptación destes instrumentos conforme as súas necesidades. Basicamente esta adaptación consistirá:

- Exames escritos máis curtos, con preguntas breves, cerradas, claras e con vocabulario o máis sinxelo posíbel. No entanto, estes exames teñen que ir adaptados ao nivel de estudos que cursa o alumno/a.
- Deixar máis tempo para a os exames e probas escritas, ser flexíbeis na súa duración e mesmo dividilas en dúas sesións
- Cando se observa que os exames escritos fican incompletos, completalos de forma oral

Aqueles alumnos que participen no programa Erasmus, poderán acompañar o desenvolvemento das clases a través da Aula Virtual e ao regreso da experiencia, recibirán o material visto en formato papel. O mesmo acontecerá con aqueles estudantes que por outros motivos teñan que se ausentar das aulas de forma mais ou menos prolongada.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Xestión de convivencia pacífica e respetuosa	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Mediación de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Hábitos saudábeis				X	X			
ET.4 - Igualdade de xénero			X	X		X		
ET.5 - Protección da infancia		X	X					
ET.6 - Protección dos animais			X					

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.7 - Seguranza vial								X
ET.8 - Competencia matemática	X	X						

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Conmemoracións.	Conmemoracións de datas e celebracións especiais na lusofonia.

Observacións:

Para alén de actividades que poidan xurdir ao longo do ano na cidade e relacionadas co mundo da lusofonía (teatro, conferencias, músicas), conmemoraremos nas aulas datas, momentos e períodos especiais nos países de lingua portuguesa tais como o entrudo, o día de Portugal ou o 25 de abril. Se for posíbe, establecer contacto con profesorado e alumnado de escolas portuguesas ou de outros países onde se estude portugués.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1,2,3,4,5

Descrición:

Proceso do ensino

1. O nivel de dificultade, en xeral, foi adecuado ás características do alumnado.
2. As actividades para desenvolver a competencia oral eran axeitadas para o curso- grupo
3. As actividades para desenvolver a competencia escrita eran axeitadas para o curso- grupo
4. Combinouse adecuadamente explicación por parte da profesora e práctica.
5. As actividades foron, en xeral, motivadoras
6. Combináronse axeitadamente as actividades TIC con actividades tradicionais
- 7 As actividades TIC resultaron motivadoras
8. O emprego de música e de vídeos-musicais axudou no proceso de aprendizaxe
9. O emprego de filmes axudou no proceso de aprendizaxe
10. Os textos escritos e diferentes fichas entregadas axudaban no proceso de aprendizaxe
11. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado.
12. Usáronse distintos instrumentos de avaliación para atender os diferentes aspectos.

Práctica docente.

1. Ten en conta os estándares de aprendizaxe.
2. Ten en conta os plans e proxectos educativos do centro.
3. Ten en conta o tempo dispoñíbel para o desenvolvemento da materia.
4. Formula os obxectivos didácticos de forma que expresen as competencias a acadar polo alumnado.
5. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe e das necesidades do alumnado.

6. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
7. Estabelece, de forma explícita, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación.
8. Coordínase co resto do profesorado do departamento e do centro que poidan ter contidos afíns (Tratamento Integrado de Linguas).
9. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos na normativa legal vixente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica vaise revisar segundo se vaian acabando as diferentes unidades didácticas, mais tamén durante a implementación das mesmas, xa que nos podemos deparar con determinados contidos que é preciso acrecentar ou eliminar segundo se van desenvolvendo as diferentes unidades.

No momento da revisión, ao seren detectadas as necesidades, pasaranse a incluír actividades para potenciar a oralidade, a escrita ou os contidos socioculturais que se consideren necesarios.

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.
3. O desenvolvemento da programación responde á secuenciación e á temporalización previstas.
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.
10. Fixación dunha estratexia metodolóxica común co resto de departamentos de linguas (TIL)
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
12. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
13. Adecuación dos criterios estabelecidos para a avaliación final
14. Adecuación dos criterios estabelecidos para a avaliación extraordinaria.
15. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
16. Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.
17. Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre os criterios de promoción.
18. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
19. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
20. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

21. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.
22. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.
23. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.
24. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.
25. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27006541	IES Nosa Sra. dos Ollos Grandes	Lugo	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	2ª Lingua estranxeira - Portugués	3º ESO	3	105

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	42
4.2. Materiais e recursos didácticos	43
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	44
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	44
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	47
6. Medidas de atención á diversidade	47
7.1. Concreción dos elementos transversais	48
7.2. Actividades complementarias	49
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	49
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	50
9. Outros apartados	51

1. Introducción

A educación escolar debe favorecer a formación integral das alunas e dos alumnos e dar atención ao seu desenvolvemento intelectual, físico e social. Deste modo, todas as iniciativas educativas têm de estar encaminhadas a integrar as e os estudantes numa cultura larga, mutável e próxima da sua experiência, assim como à formação dum pensamento reflexivo e crítico.

O ensino secundário obrigatório tem como finalidade que as alunas e os alumnos adquiram os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos lingüístico, humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolvan e consolidem hábitos de estudo e de traballo; se preparem para a sua incorporación a estudos posteriores e para a sua inserción profesional; e se formem para o exercicio dos seus dereitos e obrigacións como cidadáns e cidadáns. Durante este proceso, o papel do corpo docente vai além da presentación de coñecementos acabados, as profesoras e os profesores têm de guiar o proceso de ensino-aprendizagem e ser un verdadeiro nexu motivador entre os estudantes, o material curricular e as actividades teóricas e prácticas. A programación didáctica tem que servir de eixo vertebral da actividade docente já que favorecerá a consolidación dos obxectivos de ensino e aprendizagem. Sujeita a melloras e actualizacións constantes, a programación axudar-nos-á a dar coherencia à práctica docente en relación às nosas intencións educativas, ao proporcionar-nos elementos de análise, revisión, avaliación e reflexión.

A programación deve despertar o interese pelas expresións culturais e artísticas da cultura lusófona, valorizar o coñecemento da lingua portuguesa e considerá-la como una ferramenta necesaria para se movimentar pelo contexto global. Estes serán uns dos nosos obxectivos primordiais, sem esquecermos que o aprendizago de portugués irá incidir positivamente no nível de galego dos discentes, da mesma forma que os coñecementos prévios de galego irão facilitar a aprendizagem da lingua portuguesa.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información relevante e predicible en textos sinxelos e ben estruturados, en lingua estándar relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do nivel escolar, e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma adecuada e coherente mensaxes que respondan a propósitos comunicativos cotiáns.	1	1-2	1	2	5		1	3
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións sinxelas, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Mediar entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos simples, resumir ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer, ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-5			
OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais.	5	3			1-3	3		1

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Vamos rever!	Revisión de contidos vistos nos anos anteriores.	8	9	X		
2	A minha casa.	Vocabulario da casa e da familia, posesivos, grau do adxectivo, dígrafos ch, lh, nh.	10	10	X		
3	O meu bairro	Vocabulario sobre o barrio e a cidade, pedir informacións sobre percursos e transportes; servizos e comercio. Verbos ir a / ir para; contracción da preposición a; verbos de movemento no presente do indicativo. Localizar no e espazo, preposicións e locucións prepositivas. Fonema /s/.	10	9	X		
4	Adivinha como vai ser a festa!	Falar de accións no futuro próximo, exprimir intencións; facer planos e previsións. Ir + infinitivo; futuro imperfecto de indicativo. Expresións de tempo. Fonema /z/.	8	9	X		
5	Agasalha-te bem!	Previsións sobre o estado do tempo. Dar consellos, facer suxestións, dar instrucións. Estado do tempo e vestuario..Ir ás compras. Modo imperativo. Pronunciación do -s e -z finais.	10	10		X	
6	Vamos petiscar!	Comidas e bebidas. Comprender un menú. Pedir nun restaurante. Dar e pedir informacións e opinións. Verbos opinativos. Embalaxes. Pronunciación da letra <j> e das sílabas <ge, gi>	10	10		X	
7	Dói-me a cabeza!	Falar do corpo humano. Describir estados físicos. Léxicos e expresións sobre o corpo	8	9		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Dói-me a cabeza!	humano. Saúde, vocabulário de doenças e remédios. Ditongos nasais.	8	9		X	
8	É golo!	Describir rotinas; verbo costumar + infinitivo; adverbios e expresións de frecuencia. Nomes de deportes e actividades de lecer. Nomes de equipamentos deportivos e tipos de espectáculos. Pronunciación do r- e do -rr-.	10	10		X	
9	O que fizeste ontem?	Falar de accións pasadas puntuais e recentes. Narrar acontecementos pasados. Léxico de viagens e férias. Pretérito perfecto simple do indicativo, verbos regulares e irregulares. Adverbios e locucións adverbiais de tempo. Acabar de + infinitivo. Revisión fonética.	10	10			X
10	Lembraste do ano pasado?	Describir accións habituais do pasado. Comparar hábitos do pasado con hábitos do presente. Pretérito imperfecto do indicativo (verbos regulares e irregulares). Pronomes persoais con función de obxecto directo e indirecto.	10	10			X
11	Unidade de revisão.	Revisión das unidades anteriores.	6	9			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Vamos rever!	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comprender descrições, narracións, instrucións e opinións claras formuladas a través de diversos soportes de xeito simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese traballados previamente, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito con ritmo pausado.	50%	PE	80
CA1.6 - Redactar textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, e mensaxes e notas moi sinxelos con información, instrucións e indicacións básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	50%		
CA1.7 - Completar formularios e documentos moi básicos nos que se solicite información persoal, en soporte tanto impreso como dixital.	50%		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Aplicar e compartir coñecementos e estratexias básicas para producir textos escritos (adeacuación á persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	50%		
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	50%		
CA1.1 - Extraer o sentido global e información relevante e previsible en textos orais, escritos e multimodais breves, sinxelos e estruturados con conectores moi básicos, sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, propios dos ámbitos persoal, educativo e público, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	50%		
CA1.2 - Comprender a información esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social que aborden conversas, narracións e/ou descricións predicibles, e presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico, e co apoio de imaxes moi redundantes, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, previamente traballados e que <i>no caso da oralidade</i> estean articuladas moi claramente, con ritmo pausado, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez.	50%		
CA1.3 - Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes de textos sinxelos e básicos: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	50%	TI	20
CA1.5 - Producir oralmente textos curtos e moi sinxelos, a partir de modelos sinxelos e básicos, sobre temas cotiáns e habituais pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, reparando os erros básicos de pronuncia.	50%		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.11 - Interactuar respondendo e facendo preguntas e dando e comprendendo informacións sinxelas, relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos, afeccións e intereses etc.), así como instrucións e peticións relativas ao ámbito escolar.	50%		
CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	50%		
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	50%		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos.	50%		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Uso de estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais breves, básicos e contextualizados. - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións básicas e cotiás (identificar unha persoa, transmitir horarios, notas, costumes ou hábitos). - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: intercambiar información sobre cuestións cotiás; instrucións e ordes básicas; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións sinxelas; expresar o gusto ou o interese e emocións moi básicas; enlazar frases de forma sinxela para narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciado sucesos futuros; expresar a opinión; dar explicacións moi sinxelas; realizar hipóteses moi básicas; expresar en textos moi sinxelos a posibilidade e a dúbida. - Utilización de unidades lingüísticas básicas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, accións, sucesos etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (distancia, dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (datación, frecuencia, secuencia...), formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas. - Utilización de léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo a identificación persoal, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, estudos, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural. - Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas básicas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Utilización de convencións e estratexias conversacionais elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra, comparar, colaborar etc. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados. - Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes e estudantes da lingua estranxeira. - Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos e de frases feitas e locucións básicas para elaborar os propios textos. - Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias de uso máis común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.). - Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. - Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). - Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. - Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes. - Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas, comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos etc.; e os costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira. - Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. - Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
2	A minha casa.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Redactar textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, e mensaxes e notas moi sinxelos con información, instrucións e indicacións básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	50%	PE	80
CA1.8 - Aplicar e compartir coñecementos e estratexias básicas para producir textos escritos (adecuación á persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	50%		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	50%		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos.	50%		
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	50%		
CA1.1 - Extraer o sentido global e información relevante e previsible en textos orais, escritos e multimodais breves, sinxelos e estruturados con conectores moi básicos, sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, propios dos ámbitos persoal, educativo e público, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	50%		
CA1.2 - Comprender a información esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social que aborden conversas, narracións e/ou descricións predicibles, e presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico, e co apoio de imaxes moi redundantes, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, previamente traballados e que <i>¿no caso da oralidade¿</i> estean articuladas moi claramente, con ritmo pausado, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez.	50%	TI	20
CA1.3 - Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes de textos sinxelos e básicos: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	50%		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comprender descrições, narracións, instrucións e opinións claras formuladas a través de diversos soportes de xeito simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese traballados previamente, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito con ritmo pausado.	50%		
CA1.5 - Producir oralmente textos curtos e moi sinxelos, a partir de modelos sinxelos e básicos, sobre temas cotiáns e habituais pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, reparando os erros básicos de pronuncia.	50%		
CA1.9 - Participar en situacións interactivas breves e sinxelas, producindo textos intelixibles e reparando os erros básicos de pronuncia cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	50%		
<ul style="list-style-type: none"> - Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes e estudantes da lingua estranxeira. - Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos e de frases feitas e locucións básicas para elaborar os propios textos. - Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias de uso máis común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.). - Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. - Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). - Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. - Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes. - Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas, comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos etc.; e os costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira. - Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. - Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
11	Unidade de revisão.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer o sentido global e información relevante e previsible en textos orais, escritos e multimodais breves, sinxelos e estruturados con conectores moi básicos, sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, propios dos ámbitos persoal, educativo e público, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	50%	PE	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender a información esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social que aborden conversas, narracións e/ou descricións predicibles, e presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico, e co apoio de imaxes moi redundantes, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, previamente traballados e que íno caso da oralidade estean articuladas moi claramente, con ritmo pausado, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez.	50%		
CA1.4 - Comprender descricións, narracións, instrucións e opinións claras formuladas a través de diversos soportes de xeito simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese traballados previamente, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito con ritmo pausado.	50%		
CA1.6 - Redactar textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, e mensaxes e notas moi sinxelos con información, instrucións e indicacións básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	50%		
CA1.7 - Completar formularios e documentos moi básicos nos que se solicite información persoal, en soporte tanto impreso como dixital.	50%		
CA1.8 - Aplicar e compartir coñecementos e estratexias básicas para producir textos escritos (adequación á persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	50%		
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	50%		
CA1.3 - Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes de textos sinxelos e básicos: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	50%	TI	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Producir oralmente textos curtos e moi sinxelos, a partir de modelos sinxelos e básicos, sobre temas cotiáns e habituais pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, reparando os erros básicos de pronuncia.	50%		
CA1.9 - Participar en situacións interactivas breves e sinxelas, producindo textos intelixibles e reparando os erros básicos de pronuncia cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	50%		
CA1.11 - Interactuar respondendo e facendo preguntas e dando e comprendendo informacións sinxelas, relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos, afeccións e intereses etc.), así como instrucións e peticións relativas ao ámbito escolar.	50%		
CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	50%		
CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información simple e previsible, de interese inmediato, de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, carteis, programas, folletos, palabras de menús, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	50%		
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	50%		
CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.	50%		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos.	50%		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.

Contidos

- Uso de estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais breves, básicos e contextualizados.
- Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións básicas e cotiás (identificar unha persoa, transmitir horarios, notas, costumes ou hábitos).
- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: intercambiar información sobre cuestións cotiás; instrucións e ordes básicas; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións sinxelas; expresar o gusto ou o interese e emocións moi básicas; enlazar frases de forma sinxela para narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciado sucesos futuros; expresar a opinión; dar explicacións moi sinxelas; realizar hipóteses moi básicas; expresar en textos moi sinxelos a posibilidade e a dúbida.
- Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso moi común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos, organización e estruturación segundo o xénero (narrativo, descritivo e instrutivo).
- Utilización de unidades lingüísticas básicas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, accións, sucesos etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (distancia, dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (datación, frecuencia, secuencia...), formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.
- Utilización de léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo a identificación persoal, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, estudos, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural.
- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas básicas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización de convencións e estratexias conversacionais elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra, comparar, colaborar etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes e estudantes da lingua estranxeira.
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas, comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos etc.; e os costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas básicas e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O profesor deberá ser o guía e o facilitador da aprendizaxe e para isto terá que partir da competencia inicial dos alumnos, ter en conta a diversidade, os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecer o traballo individual e cooperativo das alumnas e dos alumnos, así como o consecución dos obxectivos e das competencias correspondentes. Unha metodoloxía centrada nos alumnos, activa, participativa e investigadora, que motive e que permita aos alumnos realizar tarefas que lles resulten agradábeis, adecuándose á teoría das intelixencias múltiples (ouvir música, deseñar, dialogar, xogar ...)

A metodoloxía usada presenta aspectos interdisciplinares en actividades tais como adquisición de coñecementos xeográficos, cando tratamos a xeografía dos países lusófonos, matemáticos cando aprendemos as tabuadas en portugués ou relacionados coas ciencias da natureza, cando falamos sobre o clima, as plantas ou os animais.

En función do tipo de actividades e das características das e dos estudantes, consideramos os seguintes agrupamentos, caracterizados por ser sempre flexíbeis: Grande agrupamento ou grupo-aula, será usado cando se expliquen os contidos básicos comúns para todo o grupo e para actividades de motivación; pequeno grupo, grupos heteroxéneos en función das capacidades, formados por catro persoas, para pesquisas ou proxectos en que traballarán cooperativamente ou colaborativamente en función das actividades; traballo de pares, para actividades de tipo cooperativo na sala de aulas; e traballo individual, de tipo reflexivo para consolidar os coñecementos adquiridos.

Canto aos espazos, será utilizada a sala de aulas xeral e respecto á xestión do tempo, as sesións terán unha duración de 50 minutos, nese tempo combinaremos actividades que requiramos de concentración e traballo individual con actividades de aplicación do aprendido por pares ou pequenos grupos.

As orientacións metodolóxicas teñen como obxectivo fundamental contribuír para que o alumnado desenvolva a competencia comunicativa a través das catro destrezas básicas: comprensión oral, comprensión escrita, produción oral e produción escrita. Farase especial énfase na comunicación oral, que debe ter como referente situacións comunicativas variadas, dentro de contextos debidamente adaptados a cada nivel de aprendizaxe. Os intercambios comunicativos daranse en dous tipos de situacións: as habituais de clase e as creadas polo profesorado. Para iso, resulta imprescindible realizar un esforzo na práctica docente que asegure e poña en primeiro plano a adquisición de destrezas orais, como alicerces básicos da comunicación. Fomentar a participación oral é unha tarefa complicada, que se vai intentar lograr implicando o alumnado desde o inicio da clase. Así, perante o tema, procurarase unha sensibilización que permita introducir o texto ou mostra real do que derivará a clase. Tras a audición, lectura ou conversa por parte do alumnado (comprensión escrita ou oral), o profesorado convida os alumnos e alumnas a expresaren as súas reaccións ante a mostra, as súas opinións, a súa comprensión... resolvendo ou procurando solucións conxuntas ás dúbidas; será desas dúbidas de onde se deriven as explicacións que sexan necesarias e mesmo os exercicios gramaticais.

Así, ao longo de cada unidade, sen seguir unha orde estrita, traballaremos Comprensión Oral e Escrita; Expresión Oral e Escrita e Interacción oral.

Tentaremos tratar e recoñecer o erro como parte integrante e orientadora do proceso de aprendizaxe e como algo natural, do mesmo xeito que ocorre na lingua que usan habitualmente. As actividades de aprendizaxe constitúen o núcleo da planificación didáctica e nelas intégranse os obxectivos, contidos e avaliación. No deseño das actividades, teremos en conta as etapas a seguir no seu desenvolvemento, os coñecementos dos alumnos, as destrezas e estratexias que teñen e/ou aplican, os logros finais que se pretenden conseguir e as posibilidades de adaptación á diversidade da aula.

O método que utilizamos pretende que o alumnado aprenda as novas estruturas e o novo vocabulario, nomeadamente os *í falsos amigos* dunha forma funcional. O obxectivo de cada unidade é sempre dar información sobre diferentes aspectos da cultura e a vida cotiá portuguesa e lusófona; coñecendo a cultura, costumes e tradicións portuguesas (e lusófonas, segundo os niveis), o alumnado terá que usar as estruturas e o vocabulario aprendido para comparar a cultura

estranxeira coa propia, aprendendo, á vez, a respectar a diversidade.

Teñen especial interese os diversos textos -cartas, diálogos, tiras de banda deseñada, mapas... que o profesorado deberá completar con outros materiais reais que considere oportunos e teña á súa disposición (xornais, revistas, cómics, publicidade...). Mais, dada a prioridade que concedemos á oralidade, faise indispensable a actuación do profesorado, que debe ocuparse pola correcta e clara articulación das palabras; os xestos, a repetición, a boa articulación.... serán axuda para o alumnado. Documentos de audio e vídeo que, dunha forma mínima, permitan a inmersión fónica na lingua van ser, pois, imprescindibles. Aliás, cada unidade conta cun apartado de Oralidade, que intenta chamar a atención sobre a pronuncia peculiar dalgúns grafemas do portugués.

Por outra parte, no aprendizaje dunha lingua é normal que todo o que se estuda supoña un repaso do aprendido anteriormente, mais, neste caso, tamén contamos con Unidades de Revisión . Co obxectivo de reforzar o aprendido en clase, e avanzar ao mesmo tempo, propóranse nalgunha ocasión exercicios para casa, como redaccións, cartas, lecturas de pequenos textos, exercicios interactivos, etc. É claro que a corrección destes exercicios faise de xeito común, en clase, participando todos niso.

As unidades están organizadas de maneira que, a partir de diálogos (auditivos, en moitos casos) ou textos escritos, se presentan os diferentes aspectos gramaticais e o vocabulario, fuxindo das listas de campos semánticos. As formas gramaticais extraírense de textos e exercítanse até a integración no discurso da alumna ou alumno.

O mesmo ocorre coa oralidade: búscase a interacción verbal profesorado-alumnado ou alumnadoalumnado; a partir de temas suxeridos nas mostras reais de fala, con preguntas directas, por exemplo, ou suscitando debates, diálogos, sempre orientados á integración do aprendido.

En definitiva, trátase dunha metodoloxía moi activa e participativa, na que o profesorado é un facilitador de aprendizaje, que ten que conseguir a motivación no alumnado con estratexias e recursos atractivos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Non utilizaremos un libro de texto determinado. A nosa realidade lingüística aconséllanos a utilizarmos nas aulas, outros materiais, principalmente de elaboración propia. Especial atención deberán ter os recursos de aula relacionados coa expresión oral, a que mais difire da lingua portuguesa. Así, recorreremos ao uso de CD, gravacións de Mp3, podcast, entrevistas; filmes, músicas... Para a escrita, textos de diferentes tipos, mapas e planos reais, publicacións periódicas, receitas, menús, billetes, etc.

A falta de libro de texto pode chocar cos costumes dos alumnos e das alumnas e coa falta de hábito para organizar os apuntamentos. O profesorado debe, entón, axudar nese cometido e ofrecer orientacións e supervisión frecuente dos seus cadernos. O propio profesorado distribuirá un material con contidos mínimos para seguir as aulas, ben en copias, ben grazas a medios virtuais (aula virtual, google drive...) ou servíndose de ambos os recursos. Alén diso, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación deberán incorporarse á práctica docente da aula como ferramentas habituais de comunicación e aprendizaxe. O alumnado debe adquirir as destrezas que lle permitan ser protagonista do seu proceso de aprendizaxe e non mero receptor de información. Á súa vez, deberá aprender a protexerse e protexer os demais dun uso inadecuado das TIC e, mediante elas, deberá desenvolver actitudes de interese, respecto e aceptación doutras realidades culturais diferentes, concibindo as TIC como unha xanela aberta ao mundo.

Nas aulas, o profesorado e o alumnado serviranse regularmente das posibilidades de traballo colaborativo que ofrece o Google Drive, ou a plataforma de E-DIXGAL. Está tamén previsto o traballo colaborativo con alumnado de similar nivel de estudos e con coñecementos de portugués de Portugal e/ou de outros países europeos, grazas á participación da profesora na plataforma eTwinning. Do mesmo xeito, o profesorado aproveitarase de plataformas lúdicas como Kahoot para traballar e revisar o aprendido ata o momento.

Materiais de reforzo:

Na onda do portugués (1 e 2). Ana Maria Bayan Ferreira. Helena José Bayan. Ed. Lidel.

Portugués actual. Textos e exercicios 1. Marta Silva. Ed. Lidel

Portugués actual. Textos e exercicios 2. Hermínia Malcata. Ed. Lidel

Falas portugués?. Portugués lingua non materna. B1. Susete Albino e Manuel Castro. Porto Editora

Falas portugués?. Portugués lingua non materna. B2. Ana Paula Dias e Paulo Militão. Porto Editora

Portugués XXI. Ana Tavares. Q.E.C.R. Nivel A1/A2/B1/B2

Portugués para todos 1, 2, 3 e 4. H. J. Ferreira Montero e F. J. Pereira Zagalo. Luso-española de ediciones.

Portugalizar, Portugués para galegofalantes, Elisabete Ramos. Ed. Xerais

Portugués a toda rapidez, Direcção-Geral de Inovação e de Desenvolvimento Curricular North

Westminster School of London, Lidel

Gramática de portugués para estrangeiros. Lúgia Arruda. Porto Editora

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizarase no inicio do curso -no mes de setembro- para verificar o nivel, as especificidades e as necesidades do alumnado, co fin de orientar adecuadamente o proceso de ensino- aprendizaxe.

Para alén de detectar o nivel de proficiencia en lingua portuguesa esta prospección inicial visa coñecer tamén o grao xeral de competencia lingüística e comunicativa e a lingua de uso habitual do alumnado e do seu medio familiar e social.

A avaliación asentará, no relativo á oralidade, na conversa do profesorado co alumnado e, para a comprensión oral, nunha proba adecuada ao coñecemento que se presupón no nivel en que se inicia. Para a comprensión e expresión escritas, realizarase tamén unha proba sinxela, con similares características.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	8	10	10	8	10	10	8	10	10	10
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80	80	80	70
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	20	20	20	30

Unidade didáctica	UD 11	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	6	100
Proba escrita	80	79
Táboa de indicadores	20	21

Criterios de cualificación:

En cada avaliación realizarase unha avaliación cualificativa, o mesmo que nas convocatorias extraordinarias.

A avaliación debe ser entendida como un instrumento para verificar e valorar o grao de competencia comunicativa do alumnado, como unha ferramenta que ofrece información e permite reflexionar sobre todo o proceso de ensino-aprendizaxe.

Neste departamento, a avaliación continua será feita polo profesor e polo alumnado (autoavaliación e co-avaliación).

Na avaliación continua serán tidos en conta os seguintes instrumentos:

Instrumentos de avaliación:

a) Probas

Unha ou varias en cada avaliación considerando as diferentes destrezas (comprensión/ expresión escrita e competencia estrutural; comprensión oral e expresión oral) con adecuación aos bloques de contidos e estándares de aprendizaxe.

b) Produtos e observación

- Pequenas probas ou testes, tarefas, actividades e exercicios de aula.
- Interacción oral co profesorado e cos colegas, real ou de simulación (comprar-vender, pedir...),
- Debates, exposicións orais...
- Proxectos e traballos colaborativos ou individuais, composicións, comprensións orais e escritas, actividades de expresión orais e escritas, lecturas ...
- Vontade de aprender; progresión e avances.
- Participación e colaboración.
- Materiais: adecuación, organización, presentación
- Mediación, máxime cando os niveis do alumnado son diferentes.

É importante considerar que, en todos os bloques de contidos, se valorará a actitude do alumnado, interese, respecto, puntualidade, o traballo na clase e na casa, material etc.

En todos os cursos, os estándares de aprendizaxe son xerais; é tarefa de aula relacionalos cos contidos de cada unidade. Tamén é preciso considerar que, a pesar de cada unidade presentar contidos novos e tratándose dunha lingua, os coñecementos previos non se poden esquecer pola necesidade tanto para a produción como para a comprensión lingüística. Serán avaliábeis sempre, ao longo do ano lectivo.

Non se avalía unicamente un resultado positivo ou negativo na realización dunha tarefa. Avaliar non só é cualificar.

Alén diso, non só as catro destrezas serán obxecto da avaliación continuada. Tamén o conxunto da competencia lingüística, comunicativa, interferencias lingüísticas, léxico e mediación será avaliado a través de probas, tarefas e actividades ad hoc (con uso da lingua escrita e oral) ou tamén por medio das probas, tarefas e actividades habituais de comprensión e de expresión (oral, escrita ou ambas).

A avaliación continua será aplicada constantemente á lingua oral (expresión, comprensión e interacción) pois a cada momento das intervencións do alumnado nas aulas a profesora fará microavaliacións informativas (expresións do tipo muito bem ótimo tem de pronunciar as sonoras, quando for, não quando seja, vaia não, é vá... ou repetir unha palabra ou secuencia para o alumnado se autocorrixir...). Dunha maneira un pouco menos rápida en aplicación de resultados, mais tamén en acto de avaliación continua será a anotación de resultados de expresión e interacción orais, co obxectivo de avaliar aspectos relativos á competencia na oralidade, nas intervencións nas aulas, en debates, en actividades de simulación, etc.

Criteria de cualificación

Con un 80% da nota :

A media dos resultados das probas obxectivas para medir o grao de consecución dos contidos exixíbeis en cada curso, aplicados ás diferentes destrezas: escribir, falar, ler e escoitar.

No mínimo, unha proba en cada avaliación que demostre o coñecemento das diferentes destrezas: proba de comprensión/expresión escrita e competencia estrutural; proba de comprensión oral; proba de expresión-interacción oral. Sempre se adecuarán aos bloques de contidos e estándares de aprendizaxe.

- No caso de obter en 2 probas menos do 25% do valor total da mesma, a avaliación non poderá ser aprobada
- Caso se detecte o uso de métodos fraudulentos nalgunha das probas, a cualificación da proba en cuestión será de 0 e a avaliación non poderá ser aprobada.

Con un 20% da nota avaliaranse os Produtos (20%):

- Produtos
- Lecturas, proxectos, redaccións ou actividades requiridas ou propostas, realizadas puntualmente, limpas e axustadas ao tema que se propuxo. Probas puntuais menores, lecturas, preguntas en clase, etc.
- Traballo diario do alumnado en clase, incluída a súa participación activa e colaboración nas actividades propostas.
- Vontade de aprender: progresión nas diferentes destrezas
- Observación:
- Puntualidade e respecto a todos os membros da comunidade educativa, ao material común e ao particular.
- Mediación entre compañeiras e compañeiros
- Asistencia a clase co material necesario para traballar (apuntamentos propios ou material entregado polo profesorado, caderno, bolígrafo, etc).
- Limpeza, orde e puntualidade no seu traballo diario.

Sendo continua a avaliación, non se realizarán, salvo ao final do curso para a os bloques de comprensión e produción de textos escritos, probas específicas para a recuperación de exames ou avaliacións. Cada nova proba ou avaliación suporá unha actualización (recuperación) do anterior.

Aquelas persoas que non superasen a 3ª avaliación, poderán optar a unha proba escrita final que incluírá a proba de comprensión oral. A nota da proba escrita suplirá a das partes equivalentes da 3ª avaliación e, por tanto, computará como tal na nota media final, conforme se explica nos criterios de cualificación.

Nas diferentes avaliacións, cando a nota media non corresponder a números enteiros, redondearase para o número inmediatamente superior ou inferior, segundo supere ou sexa inferior ao medio punto.

Avaliación final

A nota da avaliación final será a obtida na 3ª avaliación, podendo subir nota nunha proba realizada antes do fin do período lectivo, o cal terá lugar no día 22 de xuño.

Na cualificación final, cando a nota media da terceira avaliación non corresponder a números enteiros, redondearase para o número inmediatamente superior ou inferior, segundo supere ou sexa inferior ao medio punto.

Crterios de recuperación:

Para os alumnos que non teñas superado a materia na proba da 3ª avaliación, terá lugar unha proba final. A cualificación final basearase nunha proba de comprensión/expresión escrita e competencia estrutural, e de comprensión oral de acordo aos bloques de contidos e estándares de aprendizaxe. O resultado constituirá o 100% da nota da avaliación.

Caso se detecte o uso de métodos fraudulentos na realización da proba, a cualificación da mesma será de 0 e a avaliación non poderá ser aprobada.

Materias pendentes de cursos anteriores

No presente ano académico, non temos alumnado nesta situación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Aquelas alumnas e alumnos que superaren 1º de ESO coa nosa materia pendente, realizarán un boletín de exercicios sobre todos os standards que valerá 40% da nota e do cal entregará unha parte en decembro e unha outra en marzo. Adicionalmente, realizaranse dúas probas escritas, unha en decembro e unha outra en marzo que contarán 30% cada unha. Se non superaren estas probas, realizarán a proba final de maio.

6. Medidas de atención á diversidade

Cada vez máis contamos nas nosas aulas cun maior número de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE). Segundo o Decreto 86/2015 debemos incluír dentro desta denominación aqueles alumnos e alumnas que:

- Presenten dificultades específicas de aprendizaxe.
- Teñan trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH).
- Teñan altas capacidades intelectuais.
- Se viron obrigados/as a incorporarse tardiamente ao noso sistema educativo.
- Posúan condicións persoais ou de historia escolar que así o recomenden.

A diversidade queda tamén reflectida nas diferenzas que presentan alumnas e a alumnos canto a:

- ¿ Os seus coñecementos previos.
- ¿ As súas ideas e representacións respecto da materia.
- ¿ Os seus intereses e expectativas.
- ¿ As súas aptitudes.
- ¿ Os seus diferentes ritmos de aprendizaxe.
- ¿ Os seus diferentes estilos de aprendizaxe.

Na medida das nosas posibilidades, teremos en conta estas diferenzas e trataremos de que todo o alumnado adquira un nivel de coñecementos e destrezas mínimos ao final de cada curso, procurando dar as oportunidades e os medios necesarios para compensar os elementos e destrezas non adquiridos no seu momento. Ao mesmo tempo, o profesorado terá que buscar novas fontes e materiais para satisfacer as necesidades de ampliación daqueles alumnos que alcancen máis rapidamente os obxectivos fixados. Todo isto compaxinando métodos máis visuais, máis

analíticos... para se adaptar aos diferentes estilos de aprendizaxe.

O desenvolvemento dos hábitos de traballo pode contribuír notabelmente a superar moitas dificultades que se encontran na aprendizaxe da lingua estranxeira. Consideramos que a aprendizaxe de linguas estranxeiras contribúe á formación educativa do alumnado desde unha perspectiva global, favorecendo o desenvolvemento da súa personalidade, tendo en conta as distintas capacidades e ritmos de aprendizaxe, compensando as desigualdades e axudando á integración social.

Sintetizando, os principios básicos para o tratamento co alumnado con NEAE parten da inclusión na aula, da non discriminación e da igualdade efectiva. Para favorecer o cumprimento destes principios as actividades de aprendizaxe integradas responderán a tipoloxías e agrupamentos variados ¿favorecendo en moitos casos os agrupamentos flexíbeis¿ e gradadas en dificultade. No caso de que sexa preciso o profesorado elaborará materiais adaptados, así como probas específicas.

O alumnado con necesidades específicas terá unha adaptación destes instrumentos conforme as súas necesidades. Basicamente esta adaptación consistirá:

- ¿ Exames escritos máis curtos, con preguntas breves, cerradas, claras e con vocabulario o máis sinxelo posíbel. No entanto, estes exames teñen que ir adaptados ao nivel de estudos que cursa o alumno/a.
- ¿ Deixar máis tempo para a os exames e probas escritas, ser flexíbeis na súa duración e mesmo dividilas en dúas sesións
- ¿ Cando se observa que os exames escritos fican incompletos, completalos de forma oral.

Tamén debemos contemplar o apoio a aquelas alumnos e alumnos que participaren no programa Erasmus, os cales poderán manterse a par da actividade da materia a través da aula virtual do Edixgal e da recepción do material, en formato papel, tratado polo resto de compañeiros durante a súa estadia no estranxeiro.

Aqueles alumnos que participaren no programa Erasmus, poderán acompañar o desenvolvemento das clases a través da Aula Virtual e ao regreso da experiencia, recibirán o material visto en formato papel. O mesmo acontecerá con aqueles estudantes que por outros motivos teñan que se ausentar das aulas de forma mais ou menos prolongada.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Xestión de convivencia pacífica e respetuosa	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Mediación de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Hábitos saudábeis						X	X	X
ET.4 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Protección da infancia		X	X					
ET.6 - Seguranza vial			X					
ET.7 - Protección dos animais		X					X	
ET.8 - Competencia matemática	X							

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - Xestión de convivencia pacífica e respetuosa	X	X	X
ET.2 - Mediación de conflitos	X	X	X
ET.3 - Hábitos saudábeis			
ET.4 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.5 - Protección da infancia			
ET.6 - Seguranza vial			
ET.7 - Protección dos animais			
ET.8 - Competencia matemática			X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Conmemoracións.	Conmemoracións de datas e celebracións especiais na lusofonía.

Observacións:

Para alén de actividades que poidan xurdir ao longo do ano na cidade e relacionadas co mundo da lusofonía (teatro, conferencias, músicas), conmemoraremos nas aulas datas, momentos e períodos especiais nos países de lingua portuguesa tais como o entrudo, o día de Portugal ou o 25 de abril. Se for posíbe, establecer contacto con profesorado e alumnado de escolas portuguesas ou de outros países onde se estude portugués.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1,2,3,4,5

Descrición:

Proceso do ensino

1. O nivel de dificultade, en xeral, foi adecuado ás características do alumnado.
2. As actividades para desenvolver a competencia oral eran axeitadas para o curso- grupo
3. As actividades para desenvolver a competencia escrita eran axeitadas para o curso- grupo
4. Combinouse adecuadamente explicación por parte da profesora e práctica.
5. As actividades foron, en xeral, motivadoras
6. Combináronse axeitadamente as actividades TIC con actividades tradicionais

- 7 As actividades TIC resultaron motivadoras
8. O emprego de música e de vídeos-musicais axudou no proceso de aprendizaxe
9. O emprego de filmes axudou no proceso de aprendizaxe
10. Os textos escritos e diferentes fichas entregadas axudaban no proceso de aprendizaxe
11. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado.
12. Usáronse distintos instrumentos de avaliación para atender os diferentes aspectos.

Práctica docente.

1. Ten en conta os estándares de aprendizaxe.
2. Ten en conta os plans e proxectos educativos do centro.
3. Ten en conta o tempo dispoñíbel para o desenvolvemento da materia.
4. Formula os obxectivos didácticos de forma que expresen as competencias a acadar polo alumnado.
5. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe e das necesidades do alumnado.
6. Planifica as clases de modo flexíbel, preparando actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
7. Estabelece, de forma explícita, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación.
8. Coordínase co resto do profesorado do departamento e do centro que poidan ter contidos afíns (Tratamento Integrado de Linguas).
9. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos na normativa legal vixente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica vaise revisar segundo se vaian acabando as diferentes unidades didácticas, mais tamén durante a implementación das mesmas, xa que nos podemos deparar con determinados contidos que é preciso acrecentar ou eliminar segundo se van desenvolvendo as diferentes unidades.

No momento da revisión, ao seren detectadas as necesidades, pasaranse a incluír actividades para potenciar a oralidade, a escrita ou os contidos socioculturais que se consideren necesarios.

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.
3. O desenvolvemento da programación responde á secuenciación e á temporalización previstas.
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.
10. Fixación dunha estratexia metodolóxica común co resto de departamentos de linguas (TIL)
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
12. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
13. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final

14. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.
15. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
16. Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.
17. Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre os criterios de promoción.
18. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
19. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
20. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.
21. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.
22. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.
23. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.
24. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.
25. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.

9. Outros apartados